A falta de meios humanos e técnicos do Instituto de Conservação da Natureza e da Floresta é uma crítica generalizada. José Carlos Pires assegura já ter tido projetos de animação turística aprovados por deferimento tácito, por o instituto não ter dado resposta dentro do prazo; e ter sido obrigado a esperar pela vistoria por uma técnica do instituto antes de cortar um carvalho seco, dentro da área protegida. “A limitação dos serviços faz com que o essencial para o desenvolvimento sustentável deixe de funcionar”, assegura.

VIDAS ALÉM DAS FRONTEIRAS

Mesmo sem ter todos os meios necessários, há projetos a avançar, quer na área da conservação da natureza quer na preservação do restante património do parque. O projeto Idades com História quer fazer um levantamento etnográfico, da vida e dos costumes, no Gerês e no Xurês. As 50 entrevistas a pessoas idosas serão transformadas em filme e em livro, para que não se percam as memórias da vida comunitária, adiantou Sónia Almeida.

Mas o grande projeto em curso no momento é mesmo a Grande Rota. A



marcação do lado português estará pronta até junho e a Galiza já avança, no seu lado. Quando estiver pronta, será possível cruzar os dois parques em três pontos: na Ameixoeira, no planalto de Castro Laboreiro; na Portela do Homem, logo adiante da

vila do Gerês; e em Tourém, um istmo português de Montalegre cravado em Espanha. No espaço sem barreiras do parque transfronteiriço, quer-se que os visitantes tirem partido de um ecossistema indiferente às fronteiras criadas pelo Homem.



Nace a eurocidade Tomiño - Vila Nova de Cerveira

O ano 2018 supuxo a consolidación dunha historia común de irmandade, a do concello galego de Tomiño e o portugués de Vila Nova de Cerveira. O 4 de outubro a Ponte Internacional da Amizade foi o lugar elixido para a constitución da eurocidade que une aínda máis estes dous municipios fronteirizos. O nacemento da eurocidade Cerveira-Tomiño seguirá avanzando na cooperación e na xestión compartida de equipamentos e servizos públicos. Xa hai catros anos créase a Axenda Estratéxica de Cooperación Amizade Cerveira-Tomiño, cunha programación anual conxunta de actividades culturais e deportivas, con participación da cidadanía, dentro do denominado “Orzamento Participativo Transfronteirizo” (OPT).

No acto oficial de constitución da eurocidade participaron os dous

rexedores locais, Fernando Nogueira, de Vila Nova de Cerveira, e Sandra González, alcaldesa de Tomiño. Tamén asistiron ao evento a xefa territorial en Pontevedra de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Marta Mariño, e a vicepresidenta da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N), Ester Silva. Abriu o acto a Academia de Música Fernandes Fao de Vila Nova de Cerveira, logo do cal as concelleiras de Cultura de Cerveira e Tomiño deron lectura a unha addenda á Carta da Amizade Cerveira-Tomiño, necesaria para a constitución da eurocidade.

A alcaldesa de Tomiño lembrou, durante a súa intervención, a longa historia de cooperación entre as dúas vilas, coa participación veciñal coma pilar

fundamental. “Estou convencida de que a participación dos veciños e veciñas será tamén o éxito da eurocidade”, sinalou González. “Será moi importante que a sintan como súa, como unha ferramenta máis para buscar solucións compartidas para necesidades comúns”, subliñou.

A rexedora de Tomiño lembrou as próximas metas desta eurocidade, como é a consolidación dun gran parque transfronteirizo a través dunha pasarela peonil. Tamén avanzou a necesidade dunha maior mobilidade na fronteira e a consolidación dunha vella aspiración da raia, coma é o tren que una o Eixo Atlántico.

O presidente da Cámara de Cerveira salientou a consolidación real da vontade política e cidadá de traballar e convivir xuntos: “Hoxe estamos a dar un paso histórico para o ben das nosas comunidades, con mellores condicións de vida e excelentes relacións”.

O peche do acto estivo a cargo dun dúo da Agrupación Musical de Goián e o acto contou coa presenza tamén de representantes da Armada Española e da Marina Portuguesa; da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, valedoras transfronteirizas, concelleiros, concelleiras e o deputado provincial Uxío Benítez.

A páxina web da eurocidade xa está activa: eurocidadecerveiratomiño.eu e desde ela pódense acceder xa a servizos compartidos como a piscina de Vila Nova da Cerveira, a Escola de Música de Tomiño, actividades conxuntas para maiores de 55 anos e o proxecto Disco azul, un sistema de estacionamento gratuito común, co que tratan de potenciar a mobilidade da cidadanía. O obxectivo é conseguir unha maior rotación na zona histórica do concello portugués e no casco urbano da vila galega, facilitando o estacionamento puntual dos condutores e promovendo o tecido comercial existente.



Nogueira e González asinan a constitución da eurocidade.

MANUEL BLANCO DESAR

Economista e politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela

“Dentro do panorama europeo, a nosa situación demográfica é pésima!”

Manuel Blanco Desar (Santiago de Compostela, 1965) é economista e politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e está especializado en política europea. Exerceu a avogacía e o asesoramento xurídico no ámbito do dereito da competencia.

ANDREA ESTÉVEZ

XORNALISTA



“Unha sociedade sen fillos”: O título do seu último libro xa o di todo. Cara onde imos?

Imos na mala dirección. O noso capital humano en idade activa para xerar produtos ou servizos cae ano tras ano en cantidade, e non medra ao ritmo internacional no eido da calidade (produtividade e competitividade). Noutras palabras, a nosa perda de xente nova tampouco vén compensada por outros factores cualitativos fronte a competidores como China, Xapón, India ou Corea do Sul. Nestas condicións resulta improbable acadar os recursos indispensables para soste-lo noso xeito de vida, empezando polo noso sistema de benestar (boa sanidade pública, pensións abundosas, ensino público especializado...). Se dividimos a débeda pública portuguesa ou española entre a xente que vai ter que amortizala mentres se vai renegociando (nenos e traballadores afastados da xubilación), a súa carga individual medrará ano tras ano. Con menos nenos, esa “mochila de chumbo” é imposible de asumir por cada rapaz. Cada novo neno pagará máis impostos e cotizacións na súa idade adulta e recibirá menos prestacións cós beneficiarios previos. Nestas condicións, abandonará esa mochila e emigrará. Se rompemos o equilibrio interxeracional tamén quebraremos o pacto entre xeracións.

Se a crise demográfica española trasladámola a Galicia, a situación aínda é peor. Pode afondar neste problema na comunidade galega?

Remítome simplemente ás advertencias de Eurostat dos últimos anos, que certifican a nosa pésima situación en termos de fecundidade (0,9-1,1 fillos por galega), dentro do infecundo panorama europeo, cunha taxa de 1,5-1,6 fillos por europea, que o Parlamento da UE subliñou hai tempo como “anormalmente baixa”. Publicacións como os ‘regional yearbooks’ de Eurostat véñeno reiterando e salientando, canda menos dende o cambio de século. Galicia sempre vai na terna de cola de tódalas rexións estatísticas europeas, xunto con Asturias.

Esténdese esta problemática á veciña Portugal?

Remítome outra vez a Eurostat, considerando agora o nivel NUTS 3 (para nos entender, provincial, departamental ou subrexional). Consonte co ‘Eurostat regional yearbook 2016’, Portugal ten 22 rexións NUTS 3 (das 25 que posee) na categoría da máis baixa fecundidade europea. Como



Estado, Portugal adoita estar entre os de menor fecundidade, case sempre a carón de España, cando non marca o mínimo na UE. Ademais, Portugal atura unha débeda pública superior á española. Por iso, cada mozo portugués carga cunha mochila de chumbo aínda máis pesada cá dun mozo español. Nestas circunstancias cómpre defender a máis estreita unión entre os nosos países e eu deféndoa. Trátase de gañar escala para ser relevantes e atractivos en Europa e no mundo, como primeiro chanzo ademais para edificar unha UE máis cohesionada fronte ás forzas disgregadoras e antieuropeas. Máis unidos, os pobos ibéricos case acadaríamos a poboación de Francia ou Italia, e cun pequeno chimplo cara arriba do PIB seríamos determinantes.

“Imos na mala dirección. O noso capital humano en idade activa para xerar produtos ou servizos cae ano tras ano”

Cre que fórmulas como a Eurorexión poden servir para facer unha fronte común ante este problema?

Si, sempre que a Eurorexión sexa capaz de transmitir nidiamente a Lisboa e a Madrid, e logo Portugal e España ao Consello da UE, que xa cómpre mudar radicalmente esta senda “autoxenocida”. Se

non fose así, a UE -no seu conxunto- non poderá competir coas novas potencias foráneas, nin integrar axeitadamente a máis inmigrantes (xurden problemas sociopolíticos cando se supera o 20-25% de inmigrantes en cada cohorte xeracional), nin tampouco soste-lo ‘European way of life’. Trátase dunha cuestión de supervivencia ou de declive con colapso, parafraseando a Delors. Os que estamos peor neste eido precisamos axuda, pero antes temos que demostrar que facemos todo canto está nas nosas mans, e logo dar a voz de alarma con claridade e rotundidade ao resto dos europeos, brindando unha folla de ruta xa testada.

Como se pode solucionar? ¿Cales serían os primeiros pasos que habería que dar?

Xa non hai tempo de recrearse na análise nin para divertimentos “panglossianos”. Neste campo hai exceso de análise reiterada e reduplicada, “infoxicación” e porén xustificación da inacción. Hoxe somos como un médico de urxencias ao que lle chega un doente cunha enorme hemorraxia e pide unha analítica de colesterol antes de curtar esa hemorraxia. Agora xa cómpre unha decidida estratexia integrada, que sexa asumible e implementable durante uns 50 anos e, por tanto, compatible co inaturable volume de débeda pública que teñen Portugal e España. As receitas escandinavas son imposibles de financiar aquí. Ogallá poidamos custealas en 20 ou 30 anos, pero polo de agora non podemos. Así que se os académicos só propoñen medios escandinavos provocarán un empeoramento. En realidade o noso maior inimigo é o tempo, porque cada mes que ensumimos perdemos unha chea de potencial fértil, xa que temos menos xente de entre 20 e 40 anos de idade.

Que aspectos debería ter esa estratexia integrada?

Considerando que tanto Portugal como España —e no seu seo, Galicia— arrastramos unha débeda incompatible coa posibilidade de xeneralizar pagos directos aos proxenitores durante medio século (como Alemaña ou Dinamarca), e que ao avellentar a nosa poboación resultaría prioritario incrementar antes o gasto destinado ao crecente número dos nosos maiores, temos que idear un conxunto de medidas socioeconómicas atractivas e congruentes para compensar aos proxenitores, sen por iso incrementar

o déficit orzamentario. Por exemplo, podemos aliñar a contratación pública para compensar ás empresas máis amigables coas nais, incluídas as empresas concesionarias e as que precisan de autorizacións públicas. O mesmo habería que facer coas empresas beneficiarias de axudas públicas cofinanciadas con fondos da UE. Deste xeito, sen incrementar o gasto público, compensaríamos os esforzos a prol de rexenerar a nosa poboación. Algo similar pode facerse no eido do emprego público. As normas europeas non impiden estas prioridades xunto coas estritamente sectoriais, e en todo caso abondaría con explicacións en Bruxelas, porque tamén serían medidas de interese europeo. Se actuamos así, podemos mobilizar arredor do 15% do noso respectivo PIB, cumprindo á vez os obxectivos sectoriais de interese público nesos contratos e axudas, igual cós orzamentarios, medioambientais e outros concorrentes. Se a sociedade capta a mensaxe de que o diñeiro público tamén estima o esforzo rexenerador da nosa poboación, impulsariamos un efecto catalizador e agregado sobre moitas empresas interesadas en contratar coas Administracións ou en ser beneficiarias de axudas para mellorar a súa competitividade. Como estas, outras medidas aparecen pormenorizadas na parte de terapias que se detallan no meu libro “Una sociedad sin hijos” (ED Libros, Barcelona 2018).

“Cómpre unha estratexia decidida e implementable durante uns 50 anos”

Ve a inmigración como un posible salvavidas?

Sen dúbida, é indispensable. Só os fanáticos non queren velo. Pero á vez precisamos dunha masa crítica de mozos autóctonos para integrar con xeito aos mozos alóctonos e non xerar resistencias nin problemas. Se non, acontecerá o que xa aconteceu en países máis prósperos, como Suecia, Dinamarca, Alemaña ou Austria, agora bloqueados co que eu denomino como “estratexia Maginot”, de mentalidade de sitio medieval, mesturada con chovinismo, xenofobia e mesmo infame racismo, todo adubado coa peor demagogia anti-europea. Esa estratexia é perdedora e ademais perigosísima,

porque transmite unha falsa sensación de seguridade. Europa non pode ser un fato de vellos que cren vivir de rendas e para sempre protexidos por fosos e murallas mentres gozan da xubilación. Europa ten que ser aberta e valedora do seu modelo socioeconómico e político no planeta.

A que perigos sociais se expón Galicia?

Principalmente ao que califico como “xeronomía”: unha economía xeriatrica, sen capacidade de anovación schumpeteriana, orfa de investimento privado e cada vez máis subsidiada por vía das pensións e doutras transferencias. Isto tamén xera nos Estados complexos (véxase Bélxica con Flandes, ou mesmo España con Cataluña, ou casos en Alemaña ou Canadá) unha maior presión pola independencia política entre os territorios máis prósperos ou, canda menos, por unha crecente soberanía fiscal menos redistributiva.



Está en risco o Estado de Benestar?

Por suposto. A Europa dos 28 Estados tiña o 13,5% da poboación mundial en 1960. En 2015 era o 7%. As proxeccións de Eurostat reducen a 5% en 2060. A participación da UE no PIB mundial cae aínda máis rápido: en 2004 era o 31,4%, e en 2014 xa só era o 23,8%. A Chanceler Merkel veuno moi claro, pero moitos non queren ollar para esa realidade incómoda, cando a expuxo con toda crueza no Nadal de 2012, no Financial Times.

“Europa ten que ser aberta e valedora do seu modelo socioeconómico e político no planeta”

Cal é a causa principal desta crise demográfica?

Hai tantas causas como grupos sociais poidamos distinguir. Hai quen pola súa renda e patrimonio pode ter máis fillos ou adoptalos e non quere, porque estraga o seu ocio ou a súa carreira profesional, desbotando daquela ser pai, ou conformándose con só un ou dous fillos. Outros non poden e sen embargo queren ter fillos, e mesmo teñen algún. Hai unha chea de causas e variables económicas, laborais, culturais, académicas, morais, sociais, ... Un exemplo: Os policías de a pé adoitan ter o mesmo número de fillos cós maxistrados en idade fértil útil, gañando estes o dobre, o triplo ou máis que aqueles, considerando o estándar de parellas formadas por cada un (a xente adoita emparellar con afíns por renda e nivel académico). Está comprobado ademais que cos mesmos ingresos, pero con diferentes niveis académicos, as parellas teñen distinto comportamento en canto a fecundidade.

É vostede optimista ante esta situación?

Neste eido son un pouco como De Gaulle: Estamos sendo derrotados por deserción e covardía, pero négome a asumir a derrota. Cómpre loitar e vencer porque, como europeos, vaimos a vida neste, e porque Europa aínda é o principal facho acceso da Ilustración e da equidade no mundo. Europa é a esperanza e o modelo para unha humanidade que, maioritariamente, vive esmagada pola miseria e pola tiranía, especialmente crueis para as nenas e as mulleres.

20 anos de cooperación transfronteiriza empresarial

En 1998 arrancaba Cecotrán (Centro de Desenvolvemento, Cooperación e Servizos Empresariais Transfronteirizos), unha ferramenta pioneira na cooperación empresarial. Logo de dúas décadas, o Anuario da Eurorrexión fai balance do traballo feito e do que está por facer, co presidente da AEP, Paulo Nunes de Almeida, e co seu homólogo da Confederación de Empresarios de Pontevedra, Jorge Cebreiros.



Paulo Nunes de Almeida, presidente da AEP.

Do lado galego, Cebreiros defende o labor de Cecotrán: “Foi un fito nas relacións empresariais e na cooperación transfronteiriza. Non cabe

dúbida que a unificación das vontades empresariais de ambos lados da fronteira nun proxecto único e común, dinamizou o desenvolvemento das

pemes. Desde 1998 a cooperación empresarial foi concibida desde outra perspectiva”, sinala o galego. Para Paulo Nunes de Almeida, “o Cecotrán é unha entidade que asume o papel de impulsar a cooperación transfronteiriza e a dinamización económica e empresarial de Galicia e o Norte de Portugal”. Segundo o presidente da AEP, “cabe destacar proxectos europeos que promoven a internacionalización e outras iniciativas que conducen á revitalización económica das empresas no seu ámbito territorial, así como o apoio á innovación para promover o crecemento e desenvolvemento sostenible e integrador”. Cebreiros engade que pese aos “novos problemas por falta de lexislación ad hoc, debe recoñecerse o valor estratéxico de Cecotrán, as novas fórmulas de cooperación que supuxo, as novas comisións, tanto empresariais como administrativas, para desenvolver de forma común e áxil, as necesidades dos empresarios que actúan na área transfronteiriza”. Para a CEP as políticas desenvolvidas en Cecotrán non eran unha novidade hai 20 anos, segundo lembra Cebreiros. A Confederación de Empresarios de Pontevedra, nos seus 40 anos de historia, “xa foi pioneira en cooperación. Ten sido unha constante, con convenios de cooperación coas organizacións empresariais do Norte e Centro de Portugal. Para a CEP é un factor clave para a competitividade das nosas pemes. Temos avanzado moito neste campo, pero continúan sendo necesarias medidas e actuacións directas que fomenten a actividade e competitividade das empresas que actúan a ambos lados da fronteira”.

“Continúan sendo necesarias medidas e actuacións directas que fomenten a actividade e competitividade das empresas que actúan a ambos lados da fronteira”. Jorge Cebreiros

Segundo Nunes de Almeida, “os Proxectos de Cooperación Transfronteiriza ECICII e INTERNOVAMARKET, nos cales a AEP é socia, son un exemplo

de iniciativas conxuntas en defensa da competitividade do tecido empresarial. Trátase dun intercambio de experiencias e internacionalización de negocios, axudando a fortalecer a competitividade empresarial das pemes da Eurorrexión, o seu desenvolvemento tecnolóxico e nivel de innovación, a través de modelos de internacionalización multisectorial, contribuíndo para reducir o relativo illamento de ambos territorios en relación a outras rexións da Unión Europea”

“A mobilidade laboral transfronteiriza é crucial para o desenvolvemento e aumento da competitividade da rexión que permitan reducir o illamento en relación a outras rexións da UE”. Paulo Nunes de Almeida

Pero logo de 20 anos queda aínda traballo por facer. En canto á necesaria mobilidade de traballadores, segundo o presidente da CEP, “observamos que existe un exceso de lexislación que afecta á propia mobilidade laboral e á tramitación de aspectos tanto en lexislación social como en fiscal. É necesario legislar de forma conxunta ou complementaria. Melloraría moito a situación actual se se homoxeneizaran os sistemas de implantación de empresas e os procedementos. Os empresarios requirimos unha unidade de mercado efectiva na Eurorrexión. Non é posible avanzar con dúas lexislacións para unha sola empresa que teña centros de traballo distantes entre si en un radio menor de 20 km. Neste sentido, a comisión Eurest-transfronteirizo está a realizar unha gran labor con este obxectivo como meta”. Sobre este asunto, Nunes de Almeida engade que, “temos moitos desafíos como a debilidade demográfica, derivada de varios aspectos como o envellecemento da poboación ou índices de produtividade inferiores á media europea, entre outros”. Para o presidente da Patronal lusa, “as TIC asumen un papel esencial na modernización do tecido produtivo. A mobilidade



Jorge Cebreiros, presidente da CEP xunto a Graça Fonseca, subdirectora do GNP, AECT.

laboral transfronteiriza é crucial para o desenvolvemento e aumento da competitividade da rexión, compartindo experiencias, coñecemento e innovación, que permitan reducir o illamento en relación a outras rexións da UE”

TREN

España segue a ter un papel moi importante como socio comercial de Portugal, ocupando, a primeira posición

como cliente (ao redor do 26% das exportacións de bens), ou como provedor de Portugal (ao redor de 32% das importacións de bens).

Galicia e o Norte de Portugal teñen un nivel de desenvolvemento económico (PIB per cápita) por debaixo da media da Unión Europea (EU28), “o que significa, segundo Nunes de Almeida, que se enfrontan do mesmo xeito á converxencia económica e os intereses comúns que



se defenden no marco das políticas da Unión Europea, especialmente no que se refire ao obxectivo da cohesión económica e social". Como solución, apunta o presidente dos empresarios portugueses, "o apoio á innovación, a competitividade e a internacionalización do tecido empresarial" pero tamén haberá que mellorar a loxística: as infraestruturas ferroviarias para o transporte de mercadorías (e tamén de pasaxeiros)

"constitúen sen dúbida un importante factor potenciador da competitividade das empresas, que é importante asegurar. Galicia e o Norte de Portugal non son, desgrazadamente, unha rexión chave no campo da loxística e da mobilidade. Os datos reflicten outras áreas da Europa e do mundo con un desenvolvemento moi superior en termos de fluxos de traballadores, transporte, frota ou infraestruturas de transporte". É certo, prosegue Nunes de Almeida, que hai unha situación privilexiada no tráfico do Atlántico pero esta potencialidade non está sendo aproveitada e ningún dos seus portos está considerado un hub a nivel mundial".

Para Cebreiros o asunto do tren é unha reivindicación histórica da CEP: "Sempre existiron barreiras orográficas e escasas infraestruturas para ter unha conexión ferroviaria competitiva. A comunicación entre Oporto e Vigo implicaría unha fluidez loxística integral, de toda Galicia co Norte luso. É vital a alta velocidade de pasaxeiros en todo o Eixo Atlántico y a saída Sur ferroviaria de mercadorías, que debe integrarse no Corredor Atlántico do Noroeste. Só así sería efectiva a conexión dos cinco portos de interese xeral de Galicia cos do Norte de Portugal. Non cabe dúbida que é una infraestruturas de gran proxección para o desenvolvemento económico empresarial de toda a Euroregión. A pesar de ter sido comprometida en varias ocasións, nunca se estivo presupostada nin figura nos PGE 2019".

"É vital a alta velocidade de pasaxeiros en todo o Eixo Atlántico y a saída Sur ferroviaria de mercadorías, que debe integrarse no Corredor Atlántico do Noroeste".
Jorge Cebreiros

O asunto do solo industrial en relación á cooperación empresarial de galegos e portugueses é un tema que tamén se debe clarear, segundo Cebreiros, "ofrecéuselles solo industrial con ventaxas económicas, fiscais e administrativas moi atractivas e, lamentablemente, inexistentes en Pontevedra. Sen embargo, non podemos cualificar esta expansión

como unha deslocalización empresarial nin industrial, porque, na maioría dos casos, seguen a manter o seu domicilio fiscal e social en territorio provincial. A actividade industrial da Eurorexión seguirá avanzando nos vindeiros anos. A Plataforma Loxístico-Industrial de Salvaterra As Neves (Plisan), será o punto de referencia da actividade industrial de toda a zona como plataforma de saída de mercadorías, non só ao mercado nacional, senón a toda Europa a través do Corredor Atlántico do Noroeste, e no seu impulso estamos comprometidas as organizacións empresariais de Galicia, Asturias e Castilla-León".

"Temos vontade de continuar a implementar diversas accións para estimular a integración económica entre o Norte de Portugal e Galicia".
Paulo Nunes de Almeida

Co horizonte de 2019, Paulo Nunes de Almeida insiste en que nos intereses comúns a defender "esixen estratexias coordinadas. Da nosa parte, temos vontade de continuar a implementar diversas accións para estimular a integración económica entre o Norte de Portugal e Galicia, promovendo o coñecemento mútuo das respectivas comunidades empresariais, establecendo canais de información, facilitando contactos de negocios e cooperando en diversos proxectos a longo prazo".

Cebreiros mantén que "a xeración de riqueza e captación das inversións depende da construción de vías de comunicación modernas, rápidas e activas. É necesario lograr os fondos europeos que garanten a conexión Vigo-Oporto, así como que o Corredor Atlántico do Noroeste sexa unha realidade en marcha. É sabido que Pontevedra é a zona fronteiriza con Portugal na que hai maior permeabilidade, desenvolvemento e intercambio de actividades empresariais dos máis de 1.200 km de fronteira hispano portuguesa. Continuar promovendo e favorecendo a conexión rápida, áxil e moderna, é o máis importante", conclúe Cebreiros.

■ ALBERTO COMINGES

Xerente de Ceaga

“A Eurorrexión ofrece moitas posibilidades ao sector de automóbil para realizar proxectos de interese conxunto”



En 2017 o sector pechou o ano cunha facturación de 8.680 millóns de euros. Cal é a previsión para 2018?

En 2017 as 118 compañías que integran CEAGA facturaron 8.680 millóns de euros, un 4,3% máis con respecto ao ano anterior. En 2018, o número de membros de CEAGA creceu notablemente e moitas empresas viron incrementada a súa actividade debido ao lanzamento do proxecto K9 do Centro de Vigo de Groupe PSA e ao aumento das exportacións. Tomando como referencia as previsións orientadas ao mercado europeo, esperamos que se fabriquen ao redor de 22 millóns de vehículos en 2019, unha cifra similar aos vehículos producidos o pasado ano 2018. Neste contexto e a falta de coñecer os datos concretos do sector de do automóbil de Galicia a pechadura de ano, as previsións permítenos ser optimistas de cara á facturación en 2018, continuando coa tendencia de crecemento dos últimos anos.

“No proxecto FIT4FoF, aprobado polo Programa Horizonte 2020 da Unión Europea, colaboramos con 8 socios europeos para identificar 100 novos perfís profesionais na fábrica do futuro”

En que posición se atopa o sector do automóbil galego respecto da industria 4.0? Fálenos do proxecto para buscar os novos 100 perfís profesionais da industria do futuro.

É un sector punteiro en transformación dixital e Industria 4.0 que aposta pola innovación e as novas tecnoloxías para garantir o seu crecemento e a mellóra da súa competitividade. Desde CEAGA reforzamos a nosa estratexia 4.0 para fomentar o emprendimento e a dixitalización, así como para garantir unha formación cualificada que prepare ás empresas do sector ante os retos da Fábrica do Futuro.

Coa posta en marcha da aceleradora de startups Business Factory Auto, que impulsamos en colaboración coa Xunta

de Galicia, Groupe PSA e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, confirmamos que Galicia é un gran berce de talento e que, coa axuda necesaria, pódense crear proxectos innovadores que completen a cadea de valor do sector, principalmente relacionados coas dixitalización ou a Industria 4.0. No seo da filosofía de innovación e cooperación que fomentamos desde CEAGA, naceu o proxecto FIT4FoF, aprobado polo Programa Horizonte 2020 da Unión Europea. Neste proxecto colaboramos con 8 socios europeos para identificar 100 novos perfís profesionais na fábrica do futuro. Pero este proxecto vai máis aló e tamén estamos identificando outras iniciativas similares emprendidas a nivel rexional, nacional e europeo para agrupar nun catálogo dixital. Ademais, desenvolveremos pilotos formativos nos países participantes para testar programas de formación, un deles realizarase no sector do automóbil de Galicia.

Creemos que é importante identificar as habilidades necesarias no escenario 4.0, así como as iniciativas emprendidas tanto a nivel rexional como nacional e europeo para mellorar as habilidades industriais dos traballadores.

Foi clave a internacionalización para que o sector presente a actual fortaleza?

A vontade das empresas para fortalecer a súa posición a nivel internacional foi e segue sendo clave para asegurar o seu presente e o seu futuro. En 2017 as empresas de compoñentes do sector alcanzaron a cifra marca de 1.410 millóns de euros en exportacións, un 21,6% máis que o ano anterior, e as previsións apuntan a que seguirán aumentando. A maioría das empresas xa están exportando os seus produtos ou servizos ao estranxeiro, buscando aumentar a súa carteira de clientes e o seu facturación. No escenario actual, a internacionalización do Sector é fundamental para consolidarnos como líderes e para reforzar a marca Galicia fóra das nosas fronteiras.

Que significou para o sector a súa ubicación e, polo tanto, formar parte da Eurorrexión?

A Eurorrexión que conforman Galicia e o Norte de Portugal ten un gran valor estratéxico e ofrece moitas

posibilidades ao sector do automóbil para realizar proxectos de interese conxunto. Formar parte da Eurorrexión permítenos compartir infraestruturas e desenvolver iniciativas de cooperación, consolidando unha relación beneficiosa de intercambio económico e social. Para as empresas do sector, Portugal converteuse nun dos destinos principais para as exportacións, polo que nos próximos anos debemos seguir aproveitando a nosa proximidade xeográfica e cultural para estreitar relacións e mellorar a nosa capacidade comercial.

“Formar parte da Eurorrexión permítenos compartir infraestruturas e desenvolver iniciativas de cooperación, consolidando unha relación beneficiosa de intercambio económico e social”

En clave de Eurorrexión, que retos suscitará o coche eléctrico e a transferencia de coñecemento entre senllas rexións?

O auxe da mobilidade eléctrica é un dos principais retos do sector. A industria do automóbil está atravesando un proceso de adaptación no que é máis importante que nunca apostar pola innovación e aproveitar o coñecemento colectivo e as sinerxías entre rexións. A cooperación entre as industrias de Portugal e Galicia permítenos crear proxectos viables e asegurar o crecemento das empresas de ambos territorios. Un dos principais desafíos para lograr unha transición ordenada e beneficiosa para o sector será implicar a todos os axentes, tanto entidades como empresas, no desenvolvemento de solucións conxuntas de mobilidade para vehículos eléctricos. Para iso, as institucións, empresas e outras entidades como CEAGA debemos traballar xuntas para seguir fomentando a cooperación transfronteriza e aproveitar as vantaxes de pertencer á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

ANA MENDES GODINHO

Secretária de Estado do Turismo de Portugal do XXI Governo de Portugal

“O Caminho Português tem vindo a consolidar-se nos últimos anos e queremos potenciá-lo ainda mais, em parceria com a Galiza”

Ana Mendes Godinho defende as atracções de Portugal como um país de grande diversidade em que a maioria dos turistas de fora são o Reino Unido, Espanha, França e Alemanha.



Que benefícios Portugal retirou do facto de ter recebido dois World Travel Awards?

É o reconhecimento da energia vibrante que se vive em Portugal.

Portugal surpreende quem nos descobre e quem nos visita pela primeira vez transforma-se no nosso principal Embaixador.

Temos uma grande diversidade ao longo das várias regiões, com uma autenticidade que hoje em dia não é fácil de encontrar. Um país com uma Gastronomia que está a ganhar prémios internacionais, com paisagens intocáveis, com uma história que surpreende e com muito para fazer em todo o território, desde caminhadas no Gerês, passeios a cavalo no Alentejo, surf ao longo de toda a costa, levadas na Madeira, mergulhos em vulcões com milhões de anos nos Açores ou passeios de barco no Alqueva.



Quantos espanhóis visitaram Portugal em 2018? Quantos no Norte de Portugal?

Em 2018 (até novembro) houve 1,63 milhões de turistas espanhóis nos hotéis em Portugal. No Norte (igualmente até novembro) tivemos 450 mil turistas

espanhóis. Há muito mais espanhóis que nos visitam que não estão nestes números, porque não ficam em hotéis.

Como são os turistas que Portugal tem recebido nos últimos anos?

Tem existido uma grande diversificação

nos mercados que visitam Portugal. Tradicionalmente, os quatro principais mercados eram responsáveis por mais de metade dos turistas que nos visitam: Reino Unido, Espanha, França e Alemanha. Porém, em 2017, estes quatro mercados ficaram pela primeira vez abaixo de 50% do total dos turistas que nos visitam.

Isto reflete o crescimento de outros mercados que não eram tão tradicionais no nosso país, como Estados Unidos, Brasil, Canadá, China, Escandinávia, Rússia, Japão ou Coreia do Sul. São turistas que vêm ao longo de todo o ano, que ficam mais tempo e que gastam mais, o que nos permite crescer em valor. Não somos um destino massificado, mas sim um destino sofisticado.

“No Norte, até novembro de 2018, tivemos 450 mil turistas espanhóis”

Como é a atual colaboração da Galiza e do Norte de Portugal no campo do turismo?

Há várias áreas relevantes em que existe parceria entre as duas regiões. Há um exemplo óbvio, que são os Caminhos de Santiago. O Caminho Português tem vindo a consolidar-se nos últimos anos como o segundo mais importante trajeto para os peregrinos que querem visitar Santiago e queremos potenciá-lo ainda mais, em parceria com a Galiza. Aprovámos esta semana um diploma que vai permitir a certificação dos caminhos e a uniformização da sinalética com o que já existe na Galiza. É uma verdadeira parceria entre os dois lados da fronteira, com o objetivo de preparar a grande afluência com o Jacobeu de 2021. Há outras áreas, como o termalismo, o enoturismo, as atividades fluviais no rio Minho ou o Turismo de Natureza em que podemos beneficiar de um trabalho conjunto entre os dois países.

Quais são os objetivos turísticos de 2019 para o Norte de Portugal?

O Norte de Portugal foi a região que mais cresceu em 2018 em todos os indicadores, e isso são muito boas notícias, porque significa que o Turismo está a alargar a todo o território e ao longo de todo o ano. Esperamos que em 2019 se consolidem os resultados de forma sustentável.

Uma profissionalização do setor é pendente em Portugal?

As pessoas são claramente uma das nossas principais prioridades. Na estratégia que delineámos para os próximos 10 anos, a Estratégia Turismo 2027, a qualificação e valorização de quem trabalha no Turismo são objetivos que identificámos.

Nos últimos 3 anos começaram a trabalhar no turismo cerca de 100 mil pessoas pelo que a formação é essencial. Passámos de uma taxa de desemprego de 13,9% em 2014 para uma taxa de 6,7% neste momento. Temos desenvolvido um programa intenso para a qualificação e valorização das pessoas no turismo.

O salário mínimo nestes últimos 4 anos passou de 505 para 600 euros, repusemos o IVA da restauração, e fizemos uma grande aposta na formação, quer nas Escolas do Turismo, quer nos politécnicos quer através do IEFP. Nas escolas de Turismo subimos 54% o número de alunos estrangeiros e aumentámos em 50% a formação “on-job”.

Por outro lado, dinamizámos a contratação coletiva, tendo aumentado em 200% as pessoas que estão abrangidas por contratos coletivos de trabalho.

“É uma verdadeira parceria entre os dois lados da fronteira, com o objetivo de preparar a grande afluência com o Jacobeu de 2021”

Recomende-nos uma rota do pólo Norte de Portugal.

Começaria por Valença para visitar uma das fortalezas abaluartadas da rota de fortalezas que acompanha toda a fronteira entre Portugal e Espanha. De seguida, paragem em Melgaço para beber um vinho alvarinho numa das quintas com vista deslumbrante. Próxima paragem: Castro Laboreiro, uma aldeia pré-histórica, seguida de um passeio a pé pelo Gerês, com passeio de barco na albufeira da Caniçada e mergulho obrigatório nas cascatas do Arado ou do Tahiti. Descendo um pouco mais, uma visita ao Sameiro e ao Bom Jesus, em Braga,

e uma viagem no elevador movido a água.

É imperdível visitar o património mundial UNESCO que é Guimarães e visitar o monte da Penha de teleférico. Depois

de uma visita panorâmica à Torre dos Clérigos no Porto, descobrir o rio Douro de comboio e terminar com uma visita noturna às gravuras pré-históricas no Museu do Côa.

ENCONTRO DE TURISMO DA EURORREGIÃO GALIZA-NORTE DE PORTUGAL: CAMINHOS, PATRIMÓNIO E PROMOÇÃO CONJUNTA

O Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial Galiza-Norte de Portugal (GNP, AECT) realizou um Encontro de Turismo da Eurorregião com a vontade de cooperação e a existência de um espaço comum que tem fortes laços de convivência e relação humana.

Esta reunião enquadrou-se no desenvolvimento dos acordos alcançados na XXIX Cimeira Luso-Espanhola (2017), em apoio à cooperação transfronteiriça, bem como no protocolo de colaboração assinado na referida Cimeira no âmbito do turismo.

Destacaram o valor da “cooperação de proximidade” desenvolvida, ao longo dos anos, tanto pela Comunidade do Trabalho Galiza-Norte de Portugal (a primeira instituição de cooperação estabelecida nesta fronteira), como pelo Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial, que atua como braço executor das políticas da Comunidade do Trabalho. O seu principal objetivo - reforçar a coesão social, territorial e económica desta região transfronteiriça, que é a Eurorregião Galiza-Norte de Portugal - está diretamente vinculado aos mesmos fundamentos da União Europeia.

A Galiza e o Norte de Portugal têm muitos pontos em comum, daí a importância de reforçar e dinamizar a cooperação, uma vez que o benefício será partilhado. É necessário ser pró-ativos, dinâmicos e inovadores para melhorar e desenvolver, ainda mais, o Turismo da Eurorregião.

Neste sentido, estão de acordo em que a definição conjunta de políticas públicas e um maior conhecimento entre as duas Administrações, as boas práticas e a sua aplicação nos procedimentos atuais nos seus serviços, trarão mais e melhores resultados em benefício desta Eurorregião.

Como resultados concretos deste Encontro de Turismo da Eurorregião Galiza-Norte de Portugal em matéria de Turismo, decidem reforçar a colaboração em vários temas. Entre eles destacam-se:

CAMINHOS DE SANTIAGO E DESENVOLVIMENTO DOS CAMINHOS PORTUGUESES A SANTIAGO

Os Caminhos de Santiago constituem um elemento substancial na história e identidade, da Galiza e do Norte de Portugal, e são também um importante recurso turístico, uma marca de referência da Eurorregião

Galiza-Norte de Portugal a nível internacional, que é necessário continuar a valorizar, cuidar e preservar de forma conjunta.

Em concreto consideraram necessário:

- Trabalhar juntamente na valorização deste património para garantir a excelência dos Caminhos de Santiago para as gerações futuras e também para os peregrinos, que são potenciais emissários deste território.
- Promover os trabalhos em curso para a promoção e gestão coordenada do Caminho Português a Santiago, colaborando especialmente na concretização das suas rotas principais, na sinalização harmonizada, e na melhoria conjunta da receção e hospitalidade dos peregrinos (em estabelecimentos públicos e privados).
- Trabalhar conjuntamente na candidatura do Caminho Português a Santiago a Património Mundial da UNESCO, para que possa ser realmente uma candidatura ibérica.
- Articular com as entidades portuguesas, da Cultura e do Turismo, a atuação no âmbito dos Caminhos de Santiago em Portugal, no quadro do processo de certificação em preparação. É condição prévia delimitar, regulamentar e certificar os Caminhos de Santiago em Portugal, bem como ter um interlocutor representativo.

Nesse sentido, destacou-se a apresentação de uma candidatura conjunta ao Programa Operacional de Cooperação Transfronteiriço Espanha - Portugal para a estruturação, proteção e valorização dos caminhos portugueses a Santiago.

VALORIZAÇÃO DO PATRIMÓNIO TURÍSTICO DA EUORREGIÃO GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

Continuar a colaborar na valorização conjunta do património turístico da Eurorregião Galiza-Norte de Portugal, tanto cultural como natural, sob o lema “Dois países, um destino”.





A Euroregião Galiza-Norte de Portugal tem neste momento oito monumentos e sítios declarados Património Mundial pela UNESCO (na Galiza, o Centro histórico de Santiago e a Catedral, o Caminho de Santiago (Francês, Norte e Primitivo), a muralha romana de Lugo e a Torre de Hércules na Corunha; no Norte de Portugal, o Centro histórico do Porto, Sítios de arte rupestre do Vale do Côa e de Siega Verde, Centro histórico de Guimarães e Alto Douro Vinhateiro). Também se destacaram as Ilhas Atlânticas

de Galiza, que acabam de ser incluídas na lista indicativa da UNESCO com o objetivo de virem a ser declaradas Património Natural da Humanidade.

Para além deste património, considerou-se necessário promover conjuntamente outras alternativas turísticas como o turismo desportivo (por exemplo o golfe, o surf ou o náutico), o turismo gastronómico e o enoturismo, onde já se está a trabalhar conjuntamente.

É importante que a Euroregião promova estratégias para o desenvolvimento local do seu património cultural, através da promoção do turismo cultural sustentável, aproveitando o facto de que o Parlamento Europeu estabeleceu 2018 como o Ano Europeu do Património Cultural.

Nesse contexto, merece destaque a “cultura raiana” ou transfronteiriça, onde convergem valores históricos (como o Couto Misto), naturais (rio Lima ou o rio Minho) e especialmente culturais (como o folclore ou a gastronomia).

Dentro do património natural da Euroregião, destacam a Reserva da Biosfera Transfronteiriça Gerês – Xurés, -a primeira reserva da biosfera transfronteiriça da Península-, como um importante ativo que é necessário cuidar e preservar de forma coordenada.

Neste âmbito, destaca-se a proposta de trabalhar conjuntamente na promoção das rotas do vinho, centradas no Alvarinho/Rias Baixas, na criação de uma rota de golfe com o produto “Euroregião do Golfe”, assim como na interligação dos percursos pedestres e cicláveis identificados no “Portugal Trails”; bem como na “Rede EuroVelo”: a conexão das rotas “1 - Costa Atlântica” e “3 - Peregrinos” na Euroregião, reforçaria o seu potencial turístico.

INTERNACIONALIZAÇÃO E PROMOÇÃO CONJUNTA DA EURORREGIÃO

Promover internacionalmente a Euroregião, através da marca “Dois países, um destino” seria uma importante sinergia para os dois territórios. Neste contexto, a formação em destino para operadores internacionais, é entendida como uma abordagem eficaz.

A extensão da rede “Lojas Interativas do Turismo” é vista como uma boa forma de criar a primeira Euroregião conectada em rede com o mundo.

Todos estão de acordo com a necessidade de coordenação e cooperação, tanto entre eles como com as demais entidades do setor, para identificar projetos e fóruns internacionais com potencial para o desenvolvimento de ações conjuntas. O Ano Santo Xacobeo 2021 foi reconhecido como um importante marco para a promoção internacional conjunta do Caminho Português, por exemplo, na Moscow International Travel and Tourism Exhibition (MITT) em 2019.

INTERCÂMBIO E FORMAÇÃO DOS RECURSOS HUMANOS

Necessidade de aumentar os contactos para promover a formação dos recursos humanos no território da Euroregião, promovendo intercâmbios entre as várias escolas de formação e por desenvolver Programas de Formação Profissional de curta duração, com reconhecimento conjunto, nas temáticas consideradas mais relevantes.

Ademais, procurar-se-á celebrar protocolos para a realização de estágios em órgãos de turismo dependentes tanto do Turismo do Porto e Norte de Portugal, como da Axencia de Turismo de Galiza.

Preto de 1.800 persoas participaron nalgunha actividade da rede EURES Transfronteirizo



Alfonso Marnotes nun acto en Vigo.

A Rede Eures segue a funcionar como unha ponte para o emprego na Eurorexión. Segundo o director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia, Alfonso Marnotes, “en

2018, preto de 1.800 persoas participaron nalgunha actividade desenvolvida pola rede EURES Transfronteirizo ou fixeron algunha consulta relacionada con oportunidades de emprego ou

condicións de traballo na Eurorexión.” “O que detectamos”, segundo Marnotes, é que “hai desempregados galegos que se interesan por coñecer oportunidades de emprego que ofrece o país veciño, pero

son aínda máis as persoas sen traballo, de Portugal, que solicitan información sobre ofertas en Galicia. Non hai que esquecer que a calidade do emprego e os salarios en Portugal están aínda por debaixo da media europea”.

“Son aínda máis as persoas sen traballo de Portugal que solicitan información sobre ofertas en Galicia”.

Alfonso Marnotes

O seu homólogo portugués, António Leite, delegado rexional do Instituto de Emprego e Formação Profesional de la Región Norte de Portugal defende os positivos datos de emprego lusos: “Nas rexións da fronteira no Alto Minho, a taxa de desemprego é practicamente residual e hai enormes dificultades para atopar man de obra para as ofertas existentes. A taxa de desemprego no Norte de Portugal é bastante inferior á que se da en Galicia, polo que este feito, a proximidade xeográfica, social e humana, as boas vías de comunicación e a existencia de emprego, son propiciadoras desta potencial atracción”. Lembra Leite o desafío do seu modelo: “Temos niveis salariais que, pese ás melloras dos últimos anos, seguen a ser substancialmente inferiores aos rexistrados en España”. Neste sentido, sobre os fluxos de traballadores na fronteira, Leite afirma que “se deben mellorar os salarios e “creo que será fundamental profundar nos procesos de recoñecemento mutuo de certificacións profesionais e de intercambio de información”.

“Nas rexións da fronteira no Alto Minho, a taxa de desemprego é practicamente residual”.

António Leite

CRECEMENTO GALEGO

Segundo afirma Alfonso Marnotes, o emprego en Galicia seguiu a crecer durante 2018: “Estamos nun momento de consolidación e estabilización do traballo creado nos últimos anos. Pechamos 2018 cun incremento nas afiliacións á



António Leite.

Seguridade Social en máis de 20.000 persoas (+2,10%), e, mentres crece o emprego, o paro continúa baixando, nun 8,50% en 2018. Ademais, o 95% do emprego que se creou o ano pasado en Galicia foi indefinido”.

Desde a Xunta de Galicia defenden para 2019 uns orzamentos co compromiso de xerar 15.000 novos empregos a tempo completo e, “por iso mesmo, están centrados na mellora da competitividade do tecido produtivo galego e no respecto ao diálogo social”, explica Marnotes. “As mellores perspectivas de emprego en Galicia -engade o director xeral - son as TICs, a educación, a loxística, as actividades deportivas e de entretemento, a dependencia, o sector do metal, a industria alimentaria e a construción especializada”.

Respecto ás políticas de emprego de Portugal, Leite defende que “2018 produciuse un extraordinario retroceso no número de desempregados inscritos nos Centros de Emprego do Norte. Terminamos o ano con menos de cerca de 36.000 persoas desempregadas (19%). Este movemento non foi homoxéneo en toda a rexión. Foi particularmente significativo no Alto Minho e no área Metropolitana de Oporto. Un dos aspectos máis interesantes desta evolución refírese a que varios sectores da economía contribuíron a esta realidade, como o téxtil, o calzado ou o sector dos compoñentes dos automóviles ou das tecnoloxías”. Leite tamén fixo referencia a unha das fortalezas experimentadas en Portugal nos últimos tempos: “un enorme aumento do turismo, sobre todo en Oporto pero significativo en todo o Norte”.

Segundo o responsable luso, unha das claves foi a inversión estranxeira en Portugal: “foi unha das razóns da nosa recuperación económica. Foi decisivo o traballo das cámaras municipais, do noso servizo público de emprego e formación profesional (o IEFP) e, sen dúbida, a calidade da man de obra, en particular da máis cualificada academicamente, sexa pola Universidade do Minho ou pola de Oporto, entre outras”.

“O crecemento do emprego non foi homoxéneo en toda a rexión. Foi particularmente significativo no Alto Minho e no área Metropolitana de Oporto.” António Leite

En clave universitaria, Marnotes lembrou a importancia dos Jobs Days, a través do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que se organiza cada ano. “Permite poñer en contacto directo a empresarios e demandantes de emprego da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal coa finalidade de que se formalicen contratos de traballo. Desde a súa primeira edición promoveuse o contacto entre todo tipo de empresarios e demandantes de emprego, a máis especializados e concentrados en sectores específicos como, por exemplo, a metal mecánica, a hostalaría ou as TIC”.

